



A presente convocatoria ten como obxectivo o fomento e estímulo da actividade musical, pois representa unha parte fundamental do noso patrimonio musical, así como proporcionar á cidadanía un evento de referencia para coñecer a cultura bandística.

Neste marco, a Federación Galega de Bandas de Música establece as bases que rexerán o Certame Galego de Bandas de Música, que se desenvolverá grazas ao apoio da AGADIC da Xunta de Galicia.

Índice

1. Lugar e datas	2
2. Comité organizador	2
3. Participación	2
4. Inscripcións	2
5. Selección das participantes	3
6. Documentación a presentar	4
7. Desenvolvemento do concurso	4
8. Xurado	5
9. Premios e achegas	6
10. Control do censo	7
11. Aceptación das bases	7

1. Lugar e datas

O evento terá lugar os días 28 e 29 de outubro no Pazo da Cultura de Narón, A Coruña.

2. Comité organizador

Formarase un Comité Organizador que será o órgano de goberno, administración e coordinación de todos os aspectos do certame. Poderá estar asistido por asesores técnicos coa finalidade de colaborar no bo funcionamento e organización da competición.

3. Participación

1. As bandas participantes deberán inscribirse nalgunha das seguintes seccións:
 - a. **Sección primeira:** bandas ata 99 compoñentes.
 - b. **Sección segunda:** bandas ata 70 compoñentes.
 - c. **Sección terceira:** bandas ata 50 compoñentes.
 - d. **Sección xuvenil:** bandas ata 50 compoñentes con límite de idade de 19 anos (non poderán ter cumpridos os 20).
 - e. **Sección infantil:** bandas con máis de 25 compoñentes con límite de idade de 14 anos (non poderán ter cumpridos os 15).
2. O número máximo de bandas participantes será de:
 - a. **Sección primeira:** 3 agrupacións.
 - b. **Sección segunda:** 4 agrupacións.
 - c. **Sección terceira:** 5 agrupacións.
 - d. **Seccións infantil e xuvenil:** 3 agrupacións.
3. As participantes deberán comparecer con integrantes propios¹ e alleos². Poderán contar coa colaboración de ata cinco reforzos³.
4. As participantes nas seccións infantil e xuvenil terán a posibilidade de incorporar ata cinco integrantes da propia agrupación que superen ata en 3 anos o límite de idade da sección:
 - a. **Sección infantil:** non poderá ter cumpridos os 18 anos.
 - b. **Sección xuvenil:** non poderá ter cumpridos os 23 anos.
5. O número de compoñentes en cada sección fai referencia ao total de integrantes da banda, incluídos posibles reforzos e sen contar ao director/a.
6. Ningunha persoa poderá participar en dúas bandas da mesma sección.

¹ Propio: persoa federada (dada de alta) na propia agrupación.

² Alleo: persoa federada (dada de alta) noutra agrupación integrante da Federación.

³ Reforzo: persoa non federada (dada de alta) en ningunha agrupación integrante da Federación.

4. Inscripcións

1. O prazo de inscrición estenderase entre o **26 de abril e 21 de maio de 2023**.
2. As solicitudes realizaranse no seguinte [Formulario](#)⁴.
3. Aquelas agrupacións que non formen parte da Federación deberán depositar unha fianza por valor de 300 euros como garantía da súa participación, que será reintegrada na conta bancaria previamente solicitada. Perderán a fianza aquelas bandas que, admitida a súa participación no Certame, non se presenten.
4. O feito de participar neste certame leva consigo a cesión de todos os dereitos de reprodución, comunicación pública e distribución, así como o dereito de imaxe e utilización do nome. Acéptase tamén que as intervencións se graven en audio ou vídeo, se transmitan en directo ou diferido e se editen discográfica ou videograficamente.

5. Selección das participantes

1. Revisadas as inscricións para ver se cumpren os requirimentos, realizarase un sorteo público o **22 de maio ás 12:00 horas** para establecer as bandas seleccionadas, así como o orde da súa actuación. Con base neste sorteo, a última banda participante do domingo deberá tocar o himno galego no acto de clausura.
2. Se nunha sección houberse inscrita só unha banda ou o número de inscritas excedese a cota prevista nas bases, a Organización convidará a estas bandas a participar noutra sección, sempre que cumpra as condicións recollidas nestas bases en relación ao número e idade dos compoñentes. De non aceptar, escolleranse dúas bandas que quedarán en reserva para cada sección e que terán praza garantida na mesma sección da seguinte edición.
3. En todas as seccións reservarase a metade máis unha das prazas para as agrupacións federadas. De non completarse con estas formacións, as prazas poderán ser ocupadas polas demais bandas.
4. En caso de repetición dalgunha peza (pasodobre ou obra libre), terá preferencia a primeira banda inscrita. No caso do pasodobre, as demais formacións deberán modificar a elección do seu programa; en canto a obra libre, as bandas poderán decidir se presentarse coa mesma ou escoller outra no prazo de 7 días naturais.
5. As bandas seleccionadas deberán realizar e promocionar un concerto nun lugar elixido libremente antes do **16 de outubro** que levará a publicidade das institucións e entidades colaboradoras segundo as indicacións facilitadas pola Federación. A comunicación deste concerto farase cunha **antelación mínima de 20 días naturais**.
6. Se algunha das bandas finalmente designadas para intervir no Certame non o fixese, quedará inhabilitada para intervir no Certame durante dous anos consecutivos, sen

⁴ Formulario: <https://forms.gle/a7bsRdTTxUoQ29og7>

prexuízo da indemnización polos danos derivados, que se estiman na contía mínima de 3000 €, salvo concorrencia de forza maior.

6. Documentación a presentar

1. O único método de envío e recepción de información ou documentación será o enderezo electrónico **certame@bandas.gal**. A organización non sei fai responsable de correos enviados a outros enderezos.
2. Antes do **1 de xuño**, as bandas seleccionadas entregarán a partitura xeral do pasodobre e da obra de libre elección.
3. Antes do día **1 de outubro**, as bandas comunicarán:
 - a. Relación de músicos propios, alleos e de reforzo, indicando no mesmo nome completo, data de nacemento e DNI. Estes datos poderán ser modificados ata 15 días antes do inicio da actuación de la banda sempre que se reciba resposta confirmando o cambio.
 - b. Plano de colocación dos instrumentistas, relación do instrumental facilitado pola organización do que farán uso e movementos que realizarán no escenario xunto con calquera indicación a ter en conta para a gravación.
4. A non presentación da documentación na forma e prazo sinalado poderá significar a renuncia da banda de música a participar no certame, coa correspondente sanción establecida nas bases.

7. Desenvolvemento do concurso

1. As bandas presentaranse no lugar da actuación conforme os horarios que fixe o Comité Organizador.
2. Previo ao concurso interpretarase un pasodobre galego de presentación que non poderá exceder en ningún caso de 5 minutos.
3. Xa en concurso, as bandas participantes interpretarán unha obra obrigada⁵, que será a indicada para a súa categoría:
 - a. Sección primeira: *Raiolas*, de Artur Silveiro García.
 - b. Sección segunda: *Metamorfose sobre o Himno Galego*, de León Durán.
 - c. Sección terceira: *Sentimentos*, de Francisco José Villaescusa López.
 - d. Sección xuvenil: *Xoaniña*, de Gerardo Israel Quintas Alonso.
 - e. Sección infantil: *Mitos galegos*, de Frank J. Cogollos Martínez.
4. A continuación, cada banda interpretará a obra de libre elección escollida, que en ningún caso se poderá tratar dunha obra para solista(s) e banda. A duración será:
 - a. Seccións primeira e segunda: ata 20 minutos.

⁵ Pódense consultar en: [Obras obrigadas Certame Galego 2023](#). Todas as consultas sobre as obras obrigadas deberán ser realizadas no correo certame@bandas.gal. Dita consulta será trasladada á persoa compositora e a súa resposta ou aclaración será comunicada a todas as bandas da sección.

- b. Seccións terceira e xuvenil: ata 15 minutos.
 - c. Sección infantil: non haberá obra de libre elección.
5. O xurado penalizará con 10 puntos por cada minuto ou fracción de minuto que incumpra os tempos límite establecidos.
 6. O escenario e as instalacións sobre as que se desenvolva o certame serán os mesmos para todas as bandas de música participantes nunha mesma sección. Dita instalación será competencia exclusiva do Comité Organizador e non se poderán introducir modificacións que impliquen unha demora no tempo que interrompa o normal desenvolvemento do certame
 7. As obras obrigadas están baixo licenza Creative Commons, o que permite a libre distribución e interpretación das mesmas. A organización non se fai responsable das xestións legais que lles poidan afectar ás bandas de música polo uso das partituras das obras de libre elección e pasodobre.
 8. O Comité Organizador tomará as medidas oportunas para asegurar o correcto desenvolvemento do certame. No caso de que algunha proba teña que ser aprazada ou interrompida por causa xustificada, o comité arbitrará as medidas oportunas para o seu posterior desenlace.

8. Xurado

1. As actuacións musicais serán valoradas por un xurado integrado por tres personalidades de recoñecido prestixio no mundo da música e un secretario/a con voz pero sen voto.
2. Para cada obra interpretada, concederán ata 10 puntos nos seguintes aspectos:
 - a. Bloque 1: técnica
 - i. Pasaxes (limpeza, notas correctas, ritmo, claridade)
 - ii. Articulación (dende o plano técnico, lectura da grafía articularia)
 - iii. Afinación
 - b. Bloque 2: sonoridade
 - i. Articulación (como expresión a través do son)
 - ii. Planos sonoros e equilibrios na textura
 - iii. Cor do son (flexibilidade, entoación, calidade, empaste)
 - c. Bloque 3: interpretación
 - i. Discurso musical (fraseo, construción da arquitectura formal)
 - ii. Estilo (correspondencia coas intencións do autor e coa linguaxe da obra)
 - iii. Creatividade (orixinalidade á hora de crear detalles e unha interpretación expresiva)
3. Para a actuación da banda, os membros con dereito a voto concederán de 0 a 10 puntos en cada un dos seguintes aspectos:
 - a. Bloque 4: xeral

- i. Sensación xeral da actuación completa (incluíndo presenza no escenario, control da atmosfera, ambiente entre obras, profesionalidade escénica e, obviamente, as sensacións interpretativas a través do son).
 - ii. Conexión na dualidade director-agrupación.
4. A puntuación final virá dada pola suma dos puntos acadados nos catro bloques de valoración, restándolle os puntos das penalizacións establecidas nas presentes bases e na normativa anexa ás mesmas.
5. A decisión do xurado darase a coñecer mediante unha acta que pasará a coñecemento do Comité Organizador para a súa difusión pública.
6. A decisión do xurado será definitiva e inapelable, podendo declararse deserto un ou máis premios se ao seu xuízo a calidade das interpretacións non acada unha puntuación suficiente para ser merecedora de premio.

9. Premios e achegas

1. De acordo co criterio do xurado, concederanse os premios indicados na seguinte táboa.
2. En concepto de participación e concerto publicitario previo, as bandas terán dereito a percibir a cantidade indicada na última columna da táboa.

	Primeiro premio	Segundo premio	Terceiro premio	Temática galega ⁶	Participación
Sección primeira	4000 €	2000 €		1500 €	2500 €
Sección segunda	3000 €	1500 €	1125 €	1250 €	2000 €
Sección terceira	2000 €	1250 €	1000 €	1000 €	1500 €
Sección xuvenil	1500 €	1000 €		750 €	1250 €
Sección infantil	1250 €	850 €			1000 €

⁶ Establécese para cada sección un premio á interpretación dunha obra de autoría ou temática galega que segundo o criterio do xurado mereza tal recoñecemento.

10. Control do censo

1. Todas as bandas terán de prazo ata o **1 de outubro** para a tramitación de altas e baixas, así como de achegar a información requirida nos casos de cambio de banda.
2. Para acreditar a súa identidade, o integrante deberá presentar un documento legal acreditativo válido, preferiblemente DNI ou equivalente. No caso das agrupacións do exterior, deberán presentar, antes do **1 de outubro**, unha relación certificada dos seus integrantes (nome, apelidos, documento de identidade, data de nacemento e instrumento) expedida polo secretario da banda e co visto e prace do presidente.
3. Constituirase unha Comisión de Control, que será a entidade competente para supervisar a composición das agrupacións participantes. Esta comisión poderá adoptar cantas medidas sexan oportunas para realizar a tarefa de supervisión e control e requirir a documentación que estime necesaria, utilizando así mesmo calquera dato das listaxes das agrupacións que posúe a Federación.

11. Aceptación das bases

1. A inscrición no Certame implica a completa aceptación das súas bases.
2. O Comité Organizador aprobará as normas de funcionamento⁷ que serán de obrigado cumprimento e que se incluírán como anexo a estas bases. O non cumprimento das mesmas, dará lugar ás penalizacións establecidas nelas.
3. A organización resérvase o dereito a modificar as bases ou adoptar as decisións sobre aspectos non regulamentados nas mesmas, por razóns de forza maior ou de interese público que impliquen un maior éxito do Certame.
4. As decisións tomadas polo Comité Organizador na execución e desenvolvemento das presentes bases e todas aquelas cuestións non previstas resolveranse, en cada caso, de maneira irrevogable polo propio comité.
5. A redacción oficial das bases é no idioma galego a efectos legais. Presentaranse en distintos idiomas, pero os desacordos que xurdan delas serán resoltos con referencia no texto galego.

Última revisión das bases: 12 de maio de 2023

⁷ Normativa do certame: [Normativa](#)